

**EXPEDIENTE 853/2024: OUTORGAMENTO DA SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN DE JUBILADOS DE VILALONGA ARTICULADA MEDIANTE CONVENIO DE COLABORACIÓN.**

**ASUNTO: APROBACIÓN DO CONVENIO E OUTORGAMENTO DA SUBVENCIÓN.**

**RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA**

Visto o expediente instruído para a concesión da subvención á Asociación de Jubilados de Vilalonga , en concepto de axuda co obxecto de contribuír cos gastos que necesarios para paliar o custo do aluguer do local e dos gastos propios da actividade.

Consta no expediente a seguinte documentación:

- Solicitud de subvención nominativa presentada pola Asociación o día 6 de novembro de 2025 (Registro nº 1722) xuntando toda a documentación requirida.
- Borrador do Convenio de colaboración entre o Concello de Sanxenxo (a través do O.A.Terra) e a Asociación de Jubilados de Vilalonga para regular o outorgamento da subvención.
- Solicitud da presidencia para a emisión do informe de control financeiro de intervención. (12/11/2025).
- Informe xurídico favorable o día 26 de novembro de 2025.
- O informe de fiscalización emitido pola intervención xeral municipal do 28 de decembro do 2025 no que se informa favorablemente o outorgamento dunha subvención de 6.000 euros á Asociación de Jubilados de Vilalonga , tramitándose a subvención a través do O.A Terra de Sanxenxo.
- Convenio de colaboración entre o Concello de Sanxenxo (a través do O.A.Terra) e a Asociación de Jubilados de Vilalonga para regular o outorgamento da subvención asinado o día 17 de decembro de 2025.



## O.A. Terra de Sanxenxo

---

Á vista dos antecedentes expostos, esta Presidencia, resolve:

**PRIMERO:** Conceder a subvención de seis mil euros (6.000 €), de acordo coa execución do Convenio asinado entre o O.A. Terra de Sanxenxo e Asociación de Jubilados de Vilalonga para regular o outorgamento dunha subvención para paliar o custo do aluguer do local e dos gastos propios da actividade, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena todas elas. Esta subvención se suxeitará a todas as regras de xustificación das subvencións establecida na lexislación vixente.

**SEGUNDO:** Publicar na Base de Datos Nacional de Subvencións, a través da plataforma informática correspondente, o outorgamento da subvención.

**TERCEIRO:** a remisión da presente resolución á Asociación de Jubilados de Vilalonga para os efectos oportunos.

DOCUMENTO ASINADO ELETRONICAMENTE

